

Á MESA DO PARLAMENTO

Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Eva Solla Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso, Antón Sánchez García e Xosé Manuel Beiras Torrado, deputados e deputada do Grupo Parlamentario da **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O 16 de xuño de 2016, na Comisión de Xustiza e Administracións Públicas tivemos ocasión de escoitar a lamentable defensa por parte do grupo do Partido Popular, sustentando a acción do executivo galego con respecto á modificación da Relación de Postos Laborais da AGADIC, onde se anuncia a redución de prazas de máis do corenta por cento do persoal co que o Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI).

As perspectivas non son nada alentadoras. Xa se suprimiu a figura da bibliotecaria, coa conseguinte desaparición do servizo de consulta do seu fondo bibliográfico, ou a eliminación do servizo e préstamo do seu fondo audiovisual.

A argumentación peregrina empregada deixounos, se cabe, aínda máis preocupados, onde o que pode semellar unha rectificación por parte da Xunta, non sexa máis ca unha estratexia electoralista.

O CGAI non pode quedar a expensas dos cálculos electoralistas do PP. O CGAI forma parte da nosa memoria audiovisual e a súa función precisa da maior

estabilidade e de todos os recursos posibles para que poda realizar a súa principal función: contribuír a garantir o dereito de acceso á cultura en tanto que servizo público que é.

Por todo o exposto, o grupo parlamentario da AGE formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1- Considera a Xunta de Galicia que a proposta de relación de postos de traballo proxectada para o *Centro Galego de Artes da Imaxe* lle permite cumprir a función e responsabilidade coas que foi creado este centro (Decreto 210/1989)?
- 2- Cales son os plans reais que a Xunta ten para o *Centro Galego de Artes da Imaxe*? Vai incrementar o seu orzamento e recursos humanos e materiais?

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 28/06/2016 13:01:29

Ramón Vázquez Díaz na data 28/06/2016 13:02:02

Eva Solla Fernández na data 28/06/2016 13:02:13

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 28/06/2016 13:02:20

Anton Sánchez García na data 28/06/2016 13:02:28

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 28/06/2016 13:02:34